

**XV CONCURSO MEJOR PERIODISTA INFANTIL Y JUVENIL**  
CATEGORÍA JUVENIL - MODALIDAD ENTREVISTA

**Manuel Lago Paganini**

Empresario da conserva de peixe

## “A miña vida foi só a fábrica e sempre me sentín como un traballador máis”

**PEDRO VELLOSO/ CANGAS**

Lolo, como lle chama todo o mundo na súa vila, herdou unha empresa conserveira cun século de vida, pola que pasaron catro xeracións da mesma familia.

**-Por que tomou a decisión de ser empresario?**

-Principalmente porque a empresa era da familia, malia que sempre me considerei un empregado máis da mesma.

**-Que é o máis satisfactorio de ser empresario?**

- Sobre todo, é a liberdade e a independencia para realizar os teus proxectos, poñéndolles paixón.

**-Cales son as calidades para ser un empresario exitoso?**

-Débese ter intuición e innovar para chamar a atención dos clientes. Un bo empresario é o que logra manterse como dono da empresa por longos períodos de tempo e á vez crear novos empregos na mesma.

**-Que fai exitoso a un negocio?**

-É fundamental coñecer e entender o teu negocio. Producir máis e mellores produtos co menor custo posible sen perder a calidade. Non malgastar recursos e actuar con responsabilidade.



Lolo nunha foto actual/ PEDRO

**PERFIL**

Manuel Lago Paganini naceu en 1943 en Cangas do Morrazo. Foi durante anos o director de Conservas Lago Paganini. En 2011 unha das caldeiras da fábrica situada no peirao de Ojea de Cangas, explotou e provocou un incendio. A nova fábrica, situada no Alto da Portela, funciona a pleno rendemento con case 100 traballadores.

**-Que ambiente de traballo cómpre para avanzar?**

-O ambiente interno que vivimos diariamente é moi agradable. A maioría dos nosos traballadores son habitantes da vila, pais, fillos e netos. Somos como unha gran familia.

**-Pensou nalgún momento en abandonar a dirección?**

-A miña vida foi só a fábrica e sempre me sentín como un traballador máis. O único que tiña na cabeza no momento do lume eran todas as familias que dependían de min. Esta é unha vila pequena e non nos podíamos permitir perder nin un só emprego.

**-Cal foi o logro máis importante na túa vida como empresario?**

-O máis importante foi poder levar a miña compañía adiante, unha vez máis coa axuda dos traballadores e das institucións. Ver como prosperamos e como os meus fillos continúan co negocio familiar.

**-Que lle gusta facer no seu tempo libre?**

- O que máis me gusta é estar coa miña familia. A miña outra gran paixón é o fútbol. Por culpa dunha lesión de xeonllo tiven que deixalo, pero malia non poder xogar sempre vexo todos os partidos que podoo.

**DATOS DEL ALUMNO**

Nombre y apellidos Pedro Velloso Quintela

Edad 14

Curso / Aula 3º ESO C

**DATOS DEL CENTRO**

Nombre I.E.S. Alvaro Cunqueiro

Dirección Rúa Porriño

C.P.

Localidad Vigo

Provincia Pontevedra

Teléfono 886111181

Profesor que supervisa el trabajo

D.N.I.

¿Participa tu aula en Prensa-Escuela?

SI



NO



ENVIÁ TU TRABAJO A: Programa Prensa-Escuela La Voz de Galicia. Avda. da Prensa, 84-85. Pol. Industrial de Sabón. 15143. Arteixo (a Coruña)

BASES DEL CONCURSO: Las encontrarás en [www.prensaescuela.es](http://www.prensaescuela.es)